



## BASES DOS PREMIOS YOUTUBEIRAS 2021

### 1. OBXECTIVOS

Os premios Youtubeiras teñen como finalidade ser acicate da creación en Youtube con temáticas e formatos diversos, así como promover e visibilizar os/as youtubeiros/as en galego a través da Rede e o seu recoñecemento con base nos criterios que se terán en conta en cada premio.

### 2. PARTICIPANTES

Poden optar a estes premios todas as persoas **maiores de 14 anos** con canles de Youtube autoproducidas. No caso de que a persoa participante sexa menor de idade, esta inscrición irá acompañada da autorización do pai/nai ou titor/a legal mediante o documento que se facilita na web do proxecto Youtubeiras ([www.youtubeiras.gal](http://www.youtubeiras.gal)).

### 3. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓN DAS CANLES PRESENTADAS

- As canles de Youtube inscritas teñen que ter cando menos cinco vídeos subidos con **data posterior ao 23 de outubro de 2020**. Estes cinco vídeos teñen que:
  - Conter a etiqueta co cancelo #youtubeiras.
  - Non ter restricións de privacidade.
  - Os títulos, as descrições e os **subtítulos permanentes** (de habelos) teñen que estar **en galego**.
  - Estes vídeos poden conter **subtítulos de activación opcional** no Youtube **noutras linguas**.
- As canles de Youtube presentadas deben ter a **maioría dos vídeos en galego**.
- Fican expresamente excluídos os traballos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

### 4. INSCRICIÓN E PRAZO

- O prazo para inscribir as canles no Premio Youtubeiras é **do 10 de setembro de 2021 ao 22 de outubro de 2021 ás 23.59 h**. A participación está aberta ao ámbito internacional e é de balde.
- As persoas participantes deben inscribirse a través do formulario que figura na web [www.youtubeiras.gal](http://www.youtubeiras.gal), indicando a URL da canle.
- Cada creador/a pode inscribir máis dunha canle.

## 5. PREMIOS

Establécense 12 premios: 3 principais, valorados en 1000 € cada un; e 9 premios de 500 € cada un. Un total de **7500 €** en premios.

- **CANLE**, premio dotado con 1000 €. Valorarase a calidade dos contidos, a calidade técnica e lingüística, a eficiencia comunicativa e a creatividade. Terase en conta a periodicidade na creación de novos vídeos e tamén o coidado da comunidade creada (uso doutras RRSS, imaxe da canle...)
- **YOUTUBEIRO/A**, dotado con 1000 €. Optan a este premio creadoras e creadores das canles presentadas. Valorarase a calidade dos contidos, a calidade técnica e lingüística, a eficiencia comunicativa, a creatividade, a capacidade de creación de comunidade e a repercusión dos contidos creados.
- **VÍDEO**, dotado con 1000 €. Optan a este premio os vídeos que compoñen as canles presentadas. Valorarase a calidade dos contidos, a calidade técnica e lingüística, a eficiencia comunicativa, a creatividade e a repercusión do vídeo.
- **CALIDADE LINGÜÍSTICA**, dotado con 500 €. Valorarase a calidade e o coidado da lingua na canle (en todas as súas variantes dialectais) a nivel fonético, gramatical e lexical.
- **IMPACTO**, premio dotado con 500 €. Valorarase a repercusión dos contidos da canle (número de visionados, interaccións, presenza nos medios, viralidade...).
- **CALIDADE TÉCNICA**, premio dotado en 500 €. Valoraranse aspectos técnicos tales como a imaxe, o son, a montaxe das pezas que conforman a canle.
- **COMUNICACIÓN**, premio valorado en 500 €. Optan a este premio as canles presentadas que mellor transmitan a súa mensaxe aproveitando todos os recursos da linguaxe audiovisual e os recursos do propio Youtube.
- **CREATIVIDADE**, premio valorado en 500 €. Valorarase o uso dos recursos creativos e a capacidade de xerar novas ideas, formatos e contidos nas canles presentadas.
- **MUSICAL**, premio valorado en 500 €. Optan a este premio os vídeos musicais das canles presentadas (creación propia, *covers*, versións, *flashmob*...) ou as canles musicais compostas unicamente por este tipo de pezas.
- **DIDÁCTICO**, premio valorado con 500 €. Optan as canles presentadas con contidos didácticos e explicativos, útiles para a docencia e a divulgación.
- **PIONEIRO**, premio valorado en 500 €. Valorarase nas canles presentadas o feito de que introduza a lingua galega nun campo no que é pouco usada.
- **DO PÚBLICO**, valorado en 500€. Este premio outorgaráselle ao vídeo máis votado proposto polo público. Resultará gañador aquel vídeo que despois dun proceso de votación na Rede e a ratificación do xurado, consiga máis votos (ver anexo específico para o premio do público).

Cada persoa participante pode recibir máis dun premio e se o xurado así o considera pode haber premios compartidos.

Ningún dos premios quedará deserto.

As contías serán únicas e estarán suxeitas ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria vixente.

## 6. PREMIO DO PÚBLICO

Nesta edición continúa a categoría na que son os/as seguidores/as os/as que propoñen os seus vídeos preferidos do Youtube para que concorran ao premio do Público.

Estas propostas poderán facerse só a través do formulario que está habilitado na web ([www.youtubeiras.gal](http://www.youtubeiras.gal)). Logo de verificar que cumpren as bases dos premios, o proxecto publicará os vídeos participantes. Unha persoa pode facer máis dunha proposta e en ningún caso podería propoñer os seus propios vídeos.

Os vídeos propostos polo público deben reunir os mesmos requirimentos especificados nas bases xerais:

- Estar publicado no Youtube con posterioridade ao **23 de outubro de 2020**.
- Estar **en galego**.
- Os títulos dos vídeos, as descrições e os **subtítulos permanentes** (de habelos) teñen que estar **en galego**.
- Os vídeos poden conter **subtítulos de activación opcional** no Youtube **noutras linguas**.
- Fican expresamente excluídos os traballos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

O prazo para facer estas propostas como público é dende o **do 10 de setembro de 2021 ao 22 de outubro de 2021 ás 23.59 h.**

Con todas as propostas recibidas crearase un **formulario de votación** (na plataforma *Easypromo*) que se difundirá nas redes sociais do proxecto e que estará habilitado dende o **25 de outubro ao 3 de novembro de 2021 ás 23.59 h.**

Os 3 vídeos que reciban máis votacións nese prazo pasarán ao xurado dos premios que **ratificarán a votación do público**, tendo en conta que o vídeo máis votado cumpra as bases xerais. O premio do Público está valorado en 500 €.

## 7. XURADO, SELECCIÓN, CRITERIOS DE VALORACIÓN E ENTREGA DE PREMIOS

- O xurado con voz e voto estará composto por cinco persoas relacionadas co audiovisual, coa xeración e consumo de contidos dixitais e/ou co traballo na área da normalización da lingua.
- A partir desta edición 2021, a persoa premiada no premio Youtubeira/o pasará a formar parte do xurado na seguinte edición dos premios Youtubeiras.
- O xurado valorará as canles no seu conxunto, agás no premio Vídeo e no premio Musical, nos que tamén se terán en conta os vídeos das canles de xeito individual, sempre que cumpran os seguintes requirimentos:
  - Estar publicado no Youtube con posterioridade ao **23 de outubro de 2020**.
  - Non ter restricións de privacidade.
  - Os títulos, as descricións e os **subtítulos permanentes** (de habelos) teñen que estar **en galego**.
  - Estes vídeos poden conter **subtítulos de activación opcional** no Youtube **noutras linguas**.
  - Fican expresamente excluídos os vídeos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.
- O xurado valorará os seguintes criterios:

**Creatividade, innovación e calidade dos contidos.** Valorarase a orixinalidade das pezas que conforman a canle ou dos vídeos (nas categorías correspondentes), a nivel visual, sonoro, do propio contido e do xeito de transmitilo.

**Creación e mantemento de comunidade:** uso doutras redes sociais, coidados da imaxe e da identidade da canle, colaboracións, atención á comunidade...

**Periodicidade dos contidos:** valoraranse moi positivamente aquelas canles que teñan unha periodicidade constante e frecuente de publicación de vídeos na súa canle.

**Calidade técnica** da canle ou dos vídeos (nas categorías correspondentes) tanto visual como sonora.

**Eficiencia comunicativa** da canle ou dos vídeos (nas categorías correspondentes) na transmisión do contido tanto a nivel oral como visual. Valoraranse os dotes interpretativos ou comunicativos, o aproveitamento dos recursos propios da linguaxe audiovisual e do propio Youtube e a súa capacidade de incidencia no público.

**Calidade lingüística.** Valorarase o uso coidado e correcto da lingua en todas as súas variantes dialectais (calidade fonética, lexical, sintáctica, etc.)

**Repercusión do contido creado** tanto no propio Youtube como en redes sociais e medios de comunicación.

- A listaxe de finalistas publicárase con anterioridade á data de entrega de premios, ao mesmo tempo será anunciada na web e comunicada a cada participante finalista.
- A resolución final do xurado darase a coñecer, se a situación sanitaria o permite, nun acto de entrega de premios público e aberto, que se anunciará publicamente e con suficiente antelación, e ao que se comprometen a asistir as persoas finalistas.

## 8. INCIDENCIAS NAS INSCRICIÓNS

No caso de que algunha persoa participante non se inscriba correctamente será informada dos cambios que ten que executar para poder participar nesta quinta edición dos Premios Youtubeiras. Unha vez as canles presentadas reúnan todos os requirimentos para unha correcta inscrición, poderán entrar a formar parte dos premios.

Ao **peche do prazo de inscrición do 22 de outubro**, a organización terá ata o **29 de outubro** para comunicar posibles incidencias nas inscricións xa feitas. As persoas participantes terán que resolvelo nese mesmo prazo para poder participar.

No caso de que algunha canle presentada non reúna algún dos puntos establecidos nas bases de participación, a persoa que o inscribiu será informada do/s motivo/s polos cales a canle queda fóra de concurso.

As persoas participantes poderán contactar coa organización dos Premios Youtubeiras a través das diferentes redes sociais do proxecto Youtubeiras e do correo electrónico **premios@youtubeiras.gal**

## 9. BASE FINAL

- A organización resérvase o dereito a empregar os vídeos das canles participantes na promoción do proxecto Youtubeiras en todas as súas edicións.
- A participación nos Premios Youtubeiras 2021 significa a completa aceptación das presentes bases e das decisións do xurado designado.